

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

EXERIA

(Viviou no século IV da nosa era.)

Naceu na provincia romana da Gallaecia, que comprendía a actual Galicia, o norte de Portugal ata o río Douro, parte de Asturias e a comarca do Bierzo.

Exeria realizou unha viaxe de tres

anos de duración na que peregrinou ao Oriente Próximo; saíu de Galicia, percorreu o sur de Francia, atravesou o norte de Italia e cruzou en barco o mar Adriático para continuar a súa viaxe ata Constantinopla e finalizar este periplo entre Xerusalén e Alexandría.

Exeria reflectiu toda esta viaxe nun libro no que relata as súas aventuras. Este libro converterase no primeiro libro de viaxes escrito por unha galega.

A *Pax Romana*, un período sen conflitos bélicos dentro do Imperio Romano entre os anos 29 a. C. e 180 d.C, permitiu que unha cidadá como Exeria puidese viaxar dende Gallaecia ata Mesopotamia case sen impedimentos.

MULLERES GALEGAS

viaxar

Ao longo do tempo as mulleres tiveron que superar diversas barreiras sociais e xurídicas para poder viaxar soas. Exeria foi unha pioneira, como tamén o foron as seguintes mulleres que realizaron expedicións e viaxes polo mundo sen ningún home que as acompañase.

Procura na rede información sobre estas mulleres e as viaxes que realizaron.

Ida Laura Pfeiffer

Federica Bremer

Lucy Atkinson

Isabela Bird

Eliza Scidmore

Sabías que un edificio administrativo da Universidade de Vigo leva o nome desta viaxeira galega?

E que a Xunta de Galicia lle deu o nome de Exeria a unha aplicación informática onde se facilita unha linguaxe NON SEXISTA?

MULLERES GALEGAS

perspectiva

Na actividade anterior descubrimos mulleres viaxeiras por África, Asia ou América. A continuación, achegamos mulleres que viaxaron por Galicia hai moito tempo. Se pescudas nas súas biografías poderás coñecer a impresión que tiñan de nós.

Annette Mary

Budgett Meakin

Ruth Mathilda Anderson

Nina Epton

Dorothe Schubart

Se queres máis información sobre a visión de diferentes mulleres que coñeceron Galicia, podes entrar na seguinte ligazón do Consello da Cultura Galega

<http://consellodacultura.gal/album/viaxeiras-por-galicia.php>

Colorea o seguinte
debuxo desta arqueóloga
que está nunha escavación
descubriendo obxectos
da Gallaecia.

MULLERES GALEGAS

colorea



Exeria realizou esta longa viaxe ao longo de tres anos. Se queres saber os lugares que visitou sinala no mapa as seguintes etapas polas que pasou.

MULLERES GALEGAS

sinala



1. Saíu de Galicia.
2. Pasou polo sur de Francia.
3. Cruzou o mar Adriático.
4. Continuou ata Constantinopla (agora chámase Istambul)
5. Foi ata Xerusalén.
6. Continuou ata Alexandría.

Sinala os medios de transporte que empregou Exeria para a realización desta aventura.

Avión, cabalo, barco a motor, barca a vela, globo aerostático, a pé, foguete espacial, helicóptero, carro de bois, camelo, submarino.

Na súa obra *Itinerarium Egeriae* narra a viaxe que realizou ao Oriente Próximo entre os anos 381 e 384, polo que é considerada a primeira escritora hispana en lingua latina.

MULLERES GALEGAS

escribir

Imaxina unha viaxe no tempo, na que visitas a túa cidade na época da civilización romana en Galicia. Como viviría a xente? Redacta como sería un día normal para unha nena de 12 anos nunha vila romana.



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS soluciona

sinala

